

## CONCRECIÓN CURRICULAR

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025657	IES de Mugardos	Mugardos	2023/2024

## Contido

## Páxina

---

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matriculas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12
o) Outros apartados	13

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

### **OBXECTIVOS**

**a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.**

- a.1. Participar nas actividades do centro co debido respecto aos compañeiros/as, profesores/as e persoal non docente.
- a.2. Coidar o mobiliario, as instalacións e a contorna, en xeral, así como do propio material e das demais persoas.
- a.3. Respetar a quenda de palabra e as intervencións alleas.
- a.4. Demostrar proactividade tanto no traballo individual coma en equipo.
- a.5. Rexeitar calquera manifestación de intolerancia e prexuízo ante as diferenzas persoais, lingüísticas, culturais ou ideolóxicas das persoas e recoñecer neste sentido a pluralidade e a diversidade.
- a.6. Colaborar nos programas e actividades de centro que promovan o exercicio da participación solidaria e democrática.

**b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.**

- b.1. Asistir con puntualidade ás clases.
- b.2. Realizar as tarefas e ser capaz de planificar o traballo acorde ás normas de elaboración e prazos de entrega así como o coidado pola limpeza e corrección da presentación.
- b.3. Atender e traballar con concentración e boa disposición.
- b.4. Aprender dos erros.
- b.5. Coñecer e aplicar técnicas de estudo que melloren o rendemento.
- b.6. Ter coidado e limpeza na presentación de traballos, cadernos...

**c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.**

- c.1. Rexeitar o machismo e calquera forma de violencia de xénero ou por razóns de identidade ou orientación sexual.
- c.2. Recoñecer os avances na sociedade respecto da igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- c.3. Coñecer e valorar a importancia de referentes femininos na sociedade e en todos os ámbitos do coñecemento.

**d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.**

- d.1. Participar en interaccións orais informais ou formais aplicando as normas de cortesía e evitar prexuízos.
- d.2. Participar en estruturas e técnicas de resolución de conflitos e técnicas restaurativas.
- d.3. Empregar o diálogo e a escoita activa como medio de resolución de problemas e conflitos.
- d.4. Fomentar a autoestima positiva (eliminar o non podo polo son quen).
- d.5. Aprender a xestionar a frustración.

**e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.**

- e.1. Desenvolver hábitos de navegación segura e bo comportamento na rede.
- e.2. Coñecer o funcionamento das bibliotecas e valorar a lectura como ferramenta de traballo e lecer.
- e.3. Respetar os dereitos de autor, o recoñecemento do contido e cita das fontes así como evitar calquera forma de copia ilexítima e plaxio.
- e.4. Desenvolver a autonomía e sentido crítico na busca de información para solucionar un problema, interpretar un fenómeno ou feito ou ampliar coñecementos.

**f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.**

- f.1. Recoñecer o vínculo entre as distintas ciencias e saberes, dende as ciencias naturais ata as ciencias sociais.
- f.2. Analizar os avances científicos dende un punto de vista interdisciplinar (económico, social, humanístico, tecnolóxico, etc).

f.3. Saber buscar información en fontes fiables na web. Diferenciar entre información subxectiva (de opinión) e obxectiva (datos científicos ou probados).

**g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.**

g.1. Utilizar metodoloxías centradas no alumnado como protagonista da súa aprendizaxe.

g.2. Fomentar a autoevaluación e coevaluación para desenvolver un sentido crítico.

g.3. Fomentar entre o noso alumnado unha aprendizaxe colaborativa, de forma que cada un deles adquira diferentes responsabilidades de cara a un proxecto final común.

g.4. Fomentar o debate na aula.

g.5. Animar a participación nas actividades propostas polo centro.

**h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.**

h.1. Comparar e analizar obras, textos e autores galegos e casteláns coetáneos mediante a lectura (oral e escrita).

h.2. Utilizar diferentes tipoloxías textuais en distintos niveis lingüísticos.

h.3. Facer uso dun rexistro adecuado en función do contexto.

**i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.**

i.1. Utilizar vocabulario de maneira contextualizada participando en intercambios lingüísticos ou en diferentes actividades que fomenten as relacións interpersoais.

i.2. Fomentar a lectoescritura de diferentes textos producidos mediante recursos varios baseados nas TIC ou non (podcast, entrevistas, etc) e fomentando o uso das linguas con presenza no centro.

**j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.**

*Pendente*

**k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.**

*Pendente*

**l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.**

*Pendente*

**m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.**

*Pendente*

**n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.**

*Pendente*

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

Nas programación didácticas dos distintos departamentos explicitarase o xeito en que cada materia, segundo o seu perfil competencial, contribuirá ao desenvolvemento das competencias clave, concretando actividades diferenciadas. Tanto ao completar o ensino básico coma ao completar o bacharelato, o alumnado estará en disposición de acreditar as competencias clave establecidas nos respectivos currículos segundo os descritores operativos do perfil de saída. Para a ESO son os seguintes:

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)**

- CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.

- CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.

- CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégra e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.

- CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva; e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a

súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.

- CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

### **COMPETENCIA PLURILINGÜE (CP)**

- CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

- CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.

- CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

### **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA (STEM)**

- STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se é necesario.

- STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.

- STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa e en equipo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e valorando a importancia da sustentabilidade.

- STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemáticoformal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.

- STEM5. Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

### **COMPETENCIA DIXITAL (CD)**

- CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.

- CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.
- CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.
- CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.
- CD5. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

#### **COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER (CPSAA)**

- CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.
- CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, reconece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.
- CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpórasas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuindo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.
- CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.
- CPSAA5. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

#### **COMPETENCIA CIDADÁ (CC)**

- CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.
- CC2. Analiza e asume fundamentalmente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
- CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.
- CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

#### **COMPETENCIA EMPREENDEDORA (CE)**

- CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.
- CE2. Avalia as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.
- CE3. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

#### **COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)**

- CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.
- CCEC2. Goza, reconece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.
- CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.

- CCEC4. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Cada departamento contemplará nas súas programacións didácticas o tratamento dos elementos transversais relacionados cos contidos propios das materias impartidas ou relativos á contribución dos departamentos a distintos programas do centro. Para isto, incluíranse unidades didácticas específicas ou actuacións puntuais. Sen prexuízo do seu tratamento específico, traballaránse en todas as materias:

- A comprensión de lectura
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- A competencia dixital
- O emprendemento social e empresarial
- O fomento do espírito crítico e científico
- A educación emocional e en valores
- A igualdade de xénero
- A creatividade.

Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

A comezo de curso distribuiránse entre os distintos departamentos as conmemoracións de celebración obrigada, que se deberán programar e recoller na memoria final. Pola súa banda, o departamento de Orientación tamén incluírá no Plan de Acción Titorial actividades relacionadas con diversos temas transversais para profundizar e complementar o desenvolvemento dos aquí sinalados.

### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Con carácter xeral, no caso de existir algunha referencia empregarase a metodoloxía indicada nos currículos oficiais de cada materia. Adoptaranse as estratexias metodolóxicas máis axeitadas ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a que van dirixidos. Neste sentido, o profesorado é o responsable de acomodar o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumna/o e/ou grupo, o que se pode traducir nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación coa familia.

A práctica docente orientarase cara a metodoloxías propias dunha aprendizaxe competencial. Ao abeiro da normativa actual, seguirase o principio do deseño universal da aprendizaxe (DUA).

Nos vindeiros cursos estableceránse as liñas metodolóxicas de centro que se consideren oportunas e que de momento fican sen decidir colexiadamente polo claustro.

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

### **1.º e 2.º ESO: Proxecto E-dixgal**

- Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) do proxecto EDIXGAL para todas as materias.
- Libros de traballo das materias de lingua estranxeira (inglés, francés e portugués).
- Libros de texto de cursos anteriores dispoñibles nas aulas e departamentos (só para traballo na clase).
- Libros de lectura obrigatoria dispoñibles na biblioteca escolar.
- Material de debuxo indicado polo departamento.

### **3.º e 4.º ESO**

- Libros de texto e traballo determinados polos departamentos.
- Participación no Fondo Solidario.
- Utilización da Aula Virtual Moodle.
- Material de debuxo indicado polo departamento.

### **BACHARELATO**

- Libros de texto determinados polos departamentos.
- Participación no Banco de Libros xestionado pola ANPA.
- Utilización da Aula Virtual Moodle.
- Fotocopias con material de estudo creado polos docentes.
- Material de debuxo técnico.

### **FP Básica**

- Fotocopias con apuntamentos teóricos e fichas prácticas creadas polos docentes.
- Utilización da Aula Virtual Moodle.
- Roupa de traballo e calzado de seguridade.

### Consideracións

As materias tanto de ESO como de Bacharelato nas que se decida utilizar un libro de texto deberán aterse ao sinalado na ORDE do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares, segundo a cal os libros de texto, unha vez seleccionados, terán unha vixencia de seis cursos académicos e só poderán substituírse cando circunstancias excepcionais ou de carácter pedagóxico ou científico o aconsellen, e así o determine a xefatura territorial correspondente desta consellería, logo do informe de inspección educativa, previa solicitude do centro.

Promoverase que os libros de texto e demais materiais educativos fomenten a igualdade entre homes e mulleres e non conteñan estereotipos sexistas ou discriminatorios.

A relación de libros de texto e material didáctico curricular será publicada cada curso académico na web do centro e no taboleiro de anuncios no mes de xuño, informarase á ANPA e remitiráselle copia á Inspección Educativa.

Difundiranse na web do centro e a través de circular todas as convocatorias de axudas destinadas á adquisición de material.

Queda prohibida a publicidade e venda e/ou distribución no centro de calquera tipo de material didáctico ou complementario, tanto por persoal do centro como por persoas alleas a el.



## f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

### 1.º ESO

- Disposición de centro:  
1 hora: Matemáticas  
1 hora: Lingua castelá.
- Oferta de segunda lingua estranxeira: Francés e Portugués.

### 2.º ESO

- Disposición de centro:  
1 hora: Matemáticas  
1 hora: Lingua galega
- Oferta de segunda lingua estranxeira: Francés e Portugués.

### 3.º ESO

- Optativas: Cultura clásica; Educación dixital; Oratoria; 2LE (Francés ou Portugués)

### 4.º ESO

- Itinerarios:  
Itinerario 1: Bioloxía e xeoloxía e Física e química  
Itinerario 2: Economía e Latín

- Optativas:

Bloque 1 (elixir unha por orde de preferencia): Expresión artística, Filosofía, Tecnoloxía, Cultura Clásica e Oratoria.  
Bloque 2 (elixir unha por orde de preferencia): Música; Formación e orientación persoal e profesional;  
Dixitalización; Intelixencia Artificial; 2LE (Francés ou Portugués)

### 1.º Bacharelato

- Modalidade de ciencias e tecnoloxía: Física e química e outra a elixir entre: Bioloxía e xeoloxía, Debuxo Técnico I ou Tecnoloxía e enxeñaría I
- Modalidade de humanidades e CC.SS: Historia do mundo contemporáneo e outra a elixir entre: Economía, Grego I ou Literatura universal
- Optativas: Anatomía práctica; Antropoloxía; Cultura científica; Literatura galega do séc. XX; 2LE (Francés); TIC I; Unha de modalidade (Tecnoloxía e enxeñaría I, Literatura universal, Debuxo artístico I e Llinguaxe e práctica musical).

### 2.º Bacharelato

- Modalidade de ciencias e tecnoloxía: Bioloxía Física; Química; Debuxo Técnico II; Xeoloxía e ciencias ambientais.
- Modalidade de humanidades e CC.SS: Empresa e modelos de negocio, Xeografía, Historia da arte, Grego II.
- Optativas: Métodos estatísticos e numéricos; Psicoloxía; 2LE-Francés; Xeografía, historia e arte e patrimonio de Galicia ou unha de modalidade non cursada (Bioloxía, Tecnoloxía e enxeñaría, Xeografía, Debuxo artístico II ou Hª da música e da danza).

### Consideracións

O centro ofertará en 4º de ESO e nos dous cursos de Bacharelato os itinerarios e optativas contempladas pola normativa vixente. O alumnado seleccionará por orde de prioridade e, en función da seleccións maioritarias e posibilidades de centro, planificarase a oferta final do curso. Cómpre ter en conta que hai materias que precisan de autorización da Xefatura Territorial para poder ser impartidas no caso de non acadar o número esixido de alumnado.

## g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Na planificación de actividades complementarias e extraescolares teranse en conta os seguintes criterios xerais, así como o coñecemento e trámite na Comisión de Coordinación Pedagóxica:

- As actividades deberán xustificarse polo seu carácter educativo, cultural, deportivo e/ou favorecedor da convivencia de xeito que contribúa a acadar os obxectivos da etapa educativa e a desenvolver e adquirir as competencias clave segundo o contemplado na programación didáctica que recolla a súa realización.
  - Rango de prezos axustados á capacidade económica das familias do grupo.
  - Acompañamento prioritario de profesores/as: ao redor de un docente por cada vinte alumnos/as.
  - En canto ao número e á distribución destas actividades procurarase que se distribúan uniformemente durante o curso escolar, evitando a súa realización en períodos de exames así como en datas posteriores ao día 30 de maio,

salvo as viaxes de final de curso debidamente autorizadas.

#### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O alumnado de educación secundaria obrigatoria superar deberá seguir un plan de reforzo que se promova de curso con materias sen en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Xefatura de Estudos fornecerá aos titores/as dun modelo de plan e unha folla de seguimento.

#### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír os seguinte puntos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Xefatura de Estudos fornecerá aos titores/as un modelo do plan e unha folla de seguimento.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

### **PROMOCIÓN 1.º, 2.º e 3.º ESO**

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os seguintes criterios de promoción:

1. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
2. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  - c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  - d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

### **TITULACIÓN 4.º ESO**

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa e tendo en conta os seguintes criterios de titulación:

1. Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.
2. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
  - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

### **TITULACIÓN ESO DESDE A FP BÁSICA**

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

### **PROMOCIÓN 1.º BACHARELATO**

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

### **TITULACIÓN 2.º BACHARELATO**

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

### **ESO**

1. Concederáse o máximo de mencións honoríficas posibles en cada curso seguindo a orde de maior a menor puntuación dos candidatos/as con nota media en 4.º ESO igual ou superior a 9.

N.º Alumnos/as.....Máximo

entre 20 e 29.....1

entre 30 e 49.....2

2. En caso de empate á centésima, recorreráse progresivamente ás notas de 3.º, 2.º e 1.º ESO.

3. O outorgamento definitivo desta distinción farase unha vez pasado o período de reclamacións.

### **BACHARELATO**

1. Concederáse o máximo de mencións honoríficas posibles en cada curso seguindo a orde de maior a menor dos candidatos/as con nota media en 2.º Bacharelato igual ou superior a 9.

N.º Alumnos/as.....Máximo

entre 20 e 29.....1

entre 30 e 49.....2

entre 50 e 69.....3

2. En caso de empate á centésima, recorreráse ás notas de 1.º Bacharelato.

3. O outorgamento definitivo desta distinción farase unha vez pasado o período de reclamacións.

## **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

### **DECISIONS**

- Para o cálculo da nota final adoptaranse medidas de redondeo. Os departamentos establecerán nas súas programacións os criterios de redondeo aplicados: ben por proba escrita, ben na media das avaliacións parciais ou ben unicamente na cualificación final.

- Os departamentos de lingua do centro (galega, castelá, inglesa, francesa e clásicas) consensuaron o cálculo da nota final coa seguinte media ponderada: 1.ª avaliación, 30%, 2.ª avaliación, 30% e 3.ª avaliación, 40%

### **MODELO**

Seguirase o modelo proens.

1. Introducción

2. Obxectivos e competencias

3. Unidades didácticas

4. Metodoloxía

5. Avaliación e criterios de cualificación e recuperación

6. Medidas de atención á diversidade

7. Transversais

8. Práctica docente

9. Outros apartados

10. Anexos

## **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Os programas, plans e programas desenvolvidos no centro deberán encadrarse nalgunha das liñas de traballo do plan de mellora de centro e serán recollidas na Programación Xeral Anual.

### **LIÑAS DE TRABALLO**

#### **1. Atención á diversidade**

- 1.1. Acoller de xeito inclusivo todo o alumnado coas súas necesidades e capacidades.
- 1.2. Propiciar o cambio de modelo de ensino na procura da excelencia.

#### **2. Convivencia, igualdade e solidariedade**

- 2.1. Promover a resolución de conflitos mediante a participación do alumnado.
- 2.2. Realizar actuacións para a igualdade e a coeducación.
- 2.3. Inculcar os valores da participación cidadá e a solidariedade.

#### **3. Fomento da lectura, escritura e investigación**

- 3.1. Mellorar a comprensión lectora do alumnado.

#### **4. Plurilingüismo**

- 4.1. Fomentar o uso na vida académica de todas as linguas con presenza no centro en xeral, e do galego en particular.
- 4.2. Promocionar o estudo de linguas estranxeiras.

#### **5. TIC**

- 5.1. Manter a actualización permanente do centro nas novas tecnoloxías.

#### **6. Actividade física e hábitos saudables**

- 6.1. Fomentar a actividade física e adopción dun estilo de vida activo que combata a tendencia ao sedentarismo.
- 6.2. Traballar de forma asociada e participativa con todas as institucións, asociacións, entidades e movementos sociais con capacidade para influír na mocidade.

#### **7. Relacións coas familias**

- 7.1. Implicar as familias na vida académica e actividades do centro.

#### **8. Formación do profesorado**

- 8.1. Propiciar cambios metodolóxicos na práctica docente a través de programas de innovación educativa e a formación permanente do profesorado.
- 8.2. Mellorar a información administrativa e profesional do claustro docente, especialmente das novas incorporacións

#### **9. Artes, ciencias e emprendemento**

- 9.1. Fomento da creatividade, o pensamento científico e a autonomía persoal.

#### **10. Educación medioambiental**

- 10.1. Participación en campañas de sensibilización e concienciación da necesidade de coidado medioambiental e contra o maltrato animal.
- 10.2. Xestión de centro con criterios de aforro enxético, consumo responsable e reciclaxe de residuos
- 10.3. Abordaxe transversal do cambio climático

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Os órganos de goberno encargados da revisión, avaliación e modificación da concreción curricular serán o claustro e mais a comisión de coordinación pedagóxica.

Ao longo do curso 2023-2024 rematarárase de decidir aqueles puntos que ou ben fican aínda sen decidir completamente ou ben deben ser modificados no próximo curso.

Na documentación do centro a final de curso como por exemplo as memoria dos departamentos poderanse recoller análises e propostas de mellora que afecten a puntos concretos da concreción curricular e sexan útiles para a súa avaliación.

A comezos de cada curso escolar, conxuntamente coa confección das programacións didácticas, poderanse debater e aprobar modificacións.

## **o) Outros apartados**

### **1. Aprobación e difusión**

Este documento será tratado e aprobado nas reunións dos órganos de goberno colexiados do centro.

- CCP: 25 de outubro de 2023
- Claustro: 8 de novembro de 2023
- Consello Escolar: 9 de novembro de 2023

Daráselle difusión na páxina web do centro, como Anexo I do Proxecto Educativo de Centro.